

PLAN DE RECUPERACIÓN DE PENDENTES. IES DE BRIÓN.

CURSO 2022-23

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

O seguimento dos alumnado con materias pendentes será levado a cabo polo xefe do departamento, Juan Carlos Freiría

Para recuperar a materia haberá:

- Probas escritas: unha proba escrita no mes de Febreiro e no caso de non recuperar a asignatura unha proba final no mes de Maio
- Actividades como cuadernillo de exercicios, lecturas, traballos: Realizaran actividades que entregaran na aula virtual (crearase un curso para alumnado con pendentes).
- As actividades terán unha periodicidade de 10-15 días.

Criterios de cualificación: Na cualificación final ademais da obtida no exame terase en conta a correcta realización do cuadernillo (actividades ben realizadas, presentación en prazo...).

- A nota de Febreiro corresponderá: 50% exame 50% exercicios.
- De non superar a materia, deberán presentarse ao exame de Maio onde a nota corresponderá 100% ao exame

Recomendacións e observacións: É importante que as actividades sexan realizadas polo alumno consultando o libro, apuntes... pois as preguntas do exame estarán directamente relacionadas coas actividades realizadas.

Departamento de Debuxo

O seguimento do alumnado con materias pendentes será levado a cabo polo Xefe de Departamento, Xabier Lorenzo Abalde.

Para recuperar a materia haberá:

- Unha proba gráfica.
- Actividades en diferentes formatos, tanto analóxicos como dixitais.

A proba farase na data oficial segundo o calendario que aprobe a Xefatura de Estudos.

EPVA 1º ESO

- As actividades facilitaráselle ao alumnado no primeiro recreo do primeiro mércores lectivo de cada mes).
- As actividades teñen que ser entregadas ao profesor nun prazo non superior a un mes.

- Recomendacións e observacións:
- É importante facer un seguimento continuado da materia pendente entregando as tarefas solicitadas e demandando axuda cando se precise.
- Se o profesor considera que o traballo realizado ao longo do curso é suficiente para superar a materia, poderá eximir ao alumno/a de presentarse á proba final, aínda que seguirá tendo dereito a presentarse para subir nota.

O correo do profesor para dúbidas e outras consultas é: xlorenzo@edu.xunta.gal.

Departamento de Economía

1º Bacharelato para cambio de modalidade

A avaliación levarase a cabo através de tres exames parciais, nas datas que escollan os alumnos, tendo en conta:

O primeiro exame antes da segunda semana de xaneiro.

O segundo exame antes do 15 de marzo.

O terceiro exame antes do 26 de abril.

Para preparar a materia, deixaráselles aos cinco alumnos tres libros dos que dispón o departamento. Libro Economía Edelvives 1º Bachillerato. ISBN 978-84-263-9947-2. Non é preciso mercar este libro, pero este é o que imos utilizar.

Estes exercicios poderán subirse á aula virtual para a súa corrección antes da data indicada para cada un deles. Os exercicios deberán, en todo caso, ser escritos a man e subidos en formato pdf, nun único arquivo.

Si a media ponderada, polo número de temas de cada exame, das notas obtidas nestes exames é superior a 5 puntos e non se tivo en ningún examen unha nota inferior a 3 puntos, o alumno superaría a materia deste modo.

Si non se supera a materia da forma descrita no apartado anterior, farase un exame final nas datas oficiais do centro e recuperanse as partes suspensas no apartado anterior ou ben farase un exame de toda a materia no caso de non superar ningunha proba parcial ou non terse presentado a algunha.

Para a preparación destes exames proporcionarase aos alumnos, a través da aula virtual uns exercicios, referidos á materia obxecto de exame. Os exercicios dos exames serán referidos a esta materia exclusivamente, pero non implica que se vaian a propoñer nos exames as preguntas e exercicios utilizados para a preparación destas probas.

Departamento de Física e Química

A encargada de levar o seguimento do alumnado pendente serán:

-Para o alumnado que en 4º non estea cursando física e química será a xefa de departamento (Noela Vallejo)

-Para a alumna que está a cursar materias do departamento será a profesora da materia de 4º, (Virginia Rodríguez).

-Para o alumnado de 3º de ESO será a profesora que lles imparte a materia de física e química ou o ámbito (Nuria Martínez Yáñez ou Juan Carlos Freiría Tato).

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación das materias pendentes, o Departamento de Física e Química proporallles aos alumnos un plan de traballo que se lles explicou nunha xuntanza no mes de outubro.

O plan de traballo consiste no seguinte:

Realización de exercicios:

Entregaránelles aos alumnos dous boletíns de actividades, un no mes de outubro e outro tras facer o primeiro exame. As actividades deberán ser realizadas e entregadas nas datas acordadas. A entrega destes boletíns ten unha dobre finalidade por unha parte axudalos a preparar os exames e por outra axudarlles a acadar o 5 necesario, xa que se os boletíns son entregados e están ben feitos poden supoñer ata un 30% da nota (un máximo de 3 puntos). Se calquera alumno ten dúbidas na resolución dos exercicios poderán concertar unha cita coa profesora encargada do seu seguimento. Se a profesora dubida se os exercicios foron feitos polos alumnos, poderá falar con eles e preguntarlles sobre os mesmos, de corroborar as súas sospeitas os boletíns serán cualificados cun 0.

Probas escritas:

Teñen un peso dun 70%. Ao alumnado faránselle dúas probas unha en torno a xaneiro/febreiro e outra polo mes de abril, no de xaneiro irá coa metade da materia, na de abril irá coa segunda metade (se xa aprobou en xaneiro) ou coa totalidade no caso de non ter superado a proba de xaneiro.

A materia queda aprobada se a media aritmética dos dous parciais, tendo en conta que ponderan un 70%, xunto cos boletíns é igual ou superior a cinco. Deste xeito a nota calcularase seguindo a ecuación:

Nota aval. final = $0,7(\text{Ex primeiro} + \text{Ex segundo})/2 + 0,3 \text{ Nota media Boletíns}$.

Se esta nota é igual ou superior a 5 a materia queda recuperada, pero se non se acada o 5, o alumnado terá dereito a unha última proba escrita, que se fará no período comprendido entre o 6 e o 22 de xuño. O contido do exame será o de todo o curso.

Para a preparación da proba empregará os boletíns que lle foron entregados durante o curso pois deles se extraerán os exercicios. Para estes alumnos a cualificación da nota da avaliación final será a nota deste exame final. As datas de todas estas probas serán comunicadas aos alumnos presencial ou telemáticamente.

Os criterios de cualificación e de corrección da proba escrita son os mesmos que os aplicados as outras probas escritas do nivel educativo correspondente.

Departamento de Francés

O seguimento do alumnado con materias pendentes será levado a cabo pola xefa de Departamento (Anxos Paz García).

Segundo se recolle na programación do Departamento, para recuperar a materia haberá dúas posibilidades :

1) Primeira opción de recuperación

- Unha proba escrita no mes de febreiro (60% da nota)
- Dossiers de actividades para facer ao longo do curso (40% da nota)

Os dossiers de actividades serán entregadas pola profesora ao alumno/a regularmente. As actividades teñen que ser devoltas á profesora nas tres semanas posteriores á entrega, tendo como límite a data que aparecerá nas mesmas. Non se entregará un novo dossier ata que o anterior non estea devolto.

- Ademais das actividades impresas todo o alumnado con esta materia pendente terá á súa disposición o material de reforzo seleccionado na páxina do departamento e terá acceso ao material da aula virtual con actividades de práctica e reforzo da materia

2) Segunda opción de recuperación

- Realización dunha proba escrita no mes de maio
- Todo o alumnado con esta materia pendente terá á súa disposición o material de reforzo seleccionado na páxina do departamento e terá acceso ao material da aula virtual con actividades de práctica e reforzo da materia

Criterios de cualificación:

Para esta proba extraordinaria utilizaranse os criterios de cualificación presentes na programación, segundo os cales a realización das actividades ao longo do curso terá un peso do 40% da nota final e a proba que se realizará en febreiro un 60%. De non superar esta proba poderán presentarse á proba extraordinaria do mes de maio.

Recomendacións e observacións:

É imprescindible que o alumno se poña en contacto coa profesora para a entrega do material coas actividades a realizar e que estas se realicen nas datas previstas, dado que é unha porcentaxe elevada da nota final.

Departamento de inglés

Maneiras de recupera-la materia pendente:

1) Aprobando o curso actual apróbase automaticamente a materia pendente.

2) Realizaranse dúas probas para recupera-lo inglés pendente segundo datas de Xefatura de Estudos. Se superan a primeira proba, xa non terán que presentarse á segunda. Estas probas suporán unha porcentaxe da nota que varía segundo o curso. Para a porcentaxe restante da nota (“avaliación continua”) avaliarase o traballo do/a alumno/a no curso actual.

As porcentaxes por curso para calcular a nota son as seguintes:

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	1º BACH
Avaliación contínua	50%	40%	20%	10%
Proba	50%	60%	80%	90%

A programación contempla tamén a realización dunha proba extraordinaria de recuperación de pendentes, que se manterá de non cambia-la lei de educación. Na convocatoria extraordinaria, a proba suporá o 100% da nota.

Material de reforzo para alumnos con inglés pendente:

O material de reforzo para estes alumnos atópase na aula virtual, aberta a todos. Este material poderá ser realizado polo alumnado e entregado ás súas profesoras de inglés actuais para revisión.

(Información recollida na programación de inglés 2022-2023)

Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

O procedemento de avaliación da materia pendente de Lingua Castelá durante o curso 22-23 seguirá sendo o habitual nos últimos cursos.

- A avaliación do alumnado coa materia pendente do curso ou cursos anteriores estará a cargo do profesor ou profesora que lles imparte clase no curso actual, quen revisará as actividades propostas e corraxirá a proba global.
- As actividades publicaranse nun curso específico dentro da aula virtual, na sección do Departamento de Lingua Castelá.
- Tamén se entregarán en papel as actividades ao alumnado, indicando os prazos de entrega.
- A cualificación das actividades entregadas e realizadas de xeito correcto suporá a suma de ata dous puntos na cualificación final.
- Complementariamente, para poder superar a materia pendente, o alumnado deberá aprobar unha das dúas probas de contido global que se establezan. A súa cualificación será sobre 10 puntos e o seu contido estará directamente relacionado coas actividades de recuperación.
- A primeira proba realizarase no mes de febreiro e a segunda no mes de maio (segundo o acordo da CCP).
- Quen aprobe a primeira proba non ten que presentarse á segunda.

Departamento de Lingua Galega e Literatura

-O alumnado que teña dúbidas con respecto á recuperación de pendentes, deberá dirixirse á profesora ou profesor correspondente da materia ou á xefa do departamento, Pilar Buela.

-Os contidos correspondentes a cada exame parcial están publicados polo departamento na páxina web do centro.

ALUMNADO CON PENDENTE DE 1º DE ESO

O alumnado pendente de 1º ESO terá que facer **obrigatoriamente** os caderniños de exercicios (un por cada parcial) que atopará na aula virtual.

Poderá presentarse a dous exames parciais. Para cada un dos parciais, o caderniño de exercicios será valorado ata un máximo de 4 puntos, mentres que o exame será valorado ata un máximo de 6 puntos. A nota final será a media obtida entre os dous parciais.

Se aínda así o alumno estivese suspenso, poderá presentarse a un exame final valorado sobre 10 puntos que se celebrará no mes de maio e que englobará todos os contidos do curso. A nota obtida neste exame será neste caso a nota final.

ALUMNADO CON PENDENTE DE 2º DE ESO

O alumnado coa materia pendente **pode optar** por presentarse a dous exames parciais ou a un único exame que se realizará ao final de curso e que englobará os contidos globais do curso.

No caso de presentarse aos dous parciais, a nota será **a media** obtida neses dous exames.

No caso de presentarse a un único exame ao final de curso, a nota obtida será a deste único exame valorado sobre 10 puntos.

Un alumno/a que se presente aos dous exames parciais e suspenda a materia, **poderá presentarse igualmente ao exame que se realice ao final de curso.**

Entréganse exercicios-tipo da materia que entra en cada parcial (similares aos que se poden preguntar nos exames) e que o alumno/a voluntariamente pode facer para a preparación dos mesmos, pero que **non son de entrega obrigatoria.**

EXAME TIPO 1º PARCIAL

- 1.- Texto para acentuar
- 2.- Análise morfolóxica de substantivos e adxectivos
- 3.-Exercicio sobre xénero e número de substantivos e adxectivos
- 4.- Exercicio sobre ditongos e hiatos: recoñecemento e clasificación
- 5.- Exercicio sobre o recoñecemento do grao do adxectivo/ uso da conxunción comparativa
- 6.- Exercicio sobre pronomes: recoñecer átonos e tónicos, Substitución de CD e/ ou CI
- 7.-Exercicio sobre o coñecemento da conjugación verbal do galego
- 8.-Desenvolvemento dun tema: As línguas da Península Ibérica, Os xéneros literarios, A lusofonía
- 8.- Identificación dos recursos literarios dun texto/ identificación dos elementos da narración dun texto

EXAME TIPO 2º PARCIAL

- 1.- Texto para acentuar
- 2.- Exercicio de recoñecemento da modalidade oracional
- 3.-Exercicio sobre coñecemento da conxugación verbal
- 4.- Exercicio sobre o recoñecemento e clasificación das oracións simples.
- 5.- Exercicio sobre o recoñecemento das funcións oracionais básicas.
- 6.- Pregunta teórica sobre conceptos clave (definición e exemplos): interferencias e tipos de castellanismos, as variedades da lingua
- 7.-Desenvolvemento dun tema: A normalización vs. Normativización, A lírica: definición e características, Os préstamos: concepto e exemplos, O xénero dramático
- 8.- Métrica e recursos literarios dun poema.

ALUMNADO CON PENDENTE DE 3º DE ESO

O alumnado coa materia pendente **pode optar** por presentarse a dous exames parciais ou a un único exame que se realizará ao final de curso e que englobará os contidos globais do curso.

No caso de presentarse aos dous parciais, a nota será **a media** obtida neses dous exames.

No caso de presentarse a un único exame ao final de curso, a nota obtida será a deste único exame valorado sobre 10 puntos.

Un alumno/a que se presente aos dous exames parciais e suspenda a materia, **poderá presentarse igualmente ao exame que se realice ao final de curso.**

Entréganse exercicios-tipo da materia que entra en cada parcial (similares aos que se poden preguntar nos exames) e que o alumno/a voluntariamente pode facer para a preparación dos mesmos, pero que **non son de entrega obrigatoria.**

EXAME TIPO 1º PARCIAL

- 1.- Texto para acentuar
- 2.- Análise morfolóxica de substantivos e adxectivos
- 3.-Exercicio sobre xénero e número de substantivos e adxectivos
- 4.- Exercicio sobre a clasificación semántica dos substantivos
- 5.- Exercicio sobre o recoñecemento do grao do adxectivo/ uso da conxunción comparativa
- 6.- Pregunta teórica sobre conceptos clave (definición e exemplos): palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos, bilingüismo, diglosia, lusofonía, substrato, superestrato...
- 7.-Desenvolvemento dun tema: A lingua galega na Idade Media /A literatura galego-portuguesa medieval: textos, xéneros, autores e intérpretes/ As cantigas de escarnio e os xéneros menores/ As línguas da Península Ibérica.
- 8.- Comentario literario dunha cantiga de amigo ou de amor.

EXAME TIPO 2º PARCIAL

- 1.- Texto para acentuar
- 2.- Exercicio de recoñecemento de determinantes/ Valores especiais do posesivo/ Uso de posesivo e artigo
- 3.-Exercicio sobre coñecemento da conxugación verbal/ perífrases verbais
- 4.- Exercicio sobre o recoñecemento e clasificación de pronomes átonos/tónicos, a colocación do pronome átono/ sobre substitución pronominal
- 5.- Exercicio sobre o recoñecemento e clasificación das conxuncións e locucións conxuntivas.
- 6.- Pregunta teórica sobre conceptos clave (definición e exemplos): interferencias e tipos de castellanismos, as variedades da lingua

- 7.-Desenvolvemento dun tema: O galego medio/A literatura dos séculos XV a XVIII/O galego no século XIX: a recuperación da lingua galega/A literatura do século XIX.
- 8.- Comentario literario dun poema de Rosalía, Curros ou Pondal.

ALUMNADO CON PENDENTE DE 1º DE BACHARELATO

O alumnado coa materia pendente **pode optar** por presentarse a dous exames parciais ou a un único exame que se realizará ao final de curso e que englobará os contidos globais do curso.

No caso de presentarse aos dous parciais, a nota será **a media** obtida neses dous exames.

No caso de presentarse a un único exame ao final de curso, a nota obtida será a deste único exame valorado sobre 10 puntos.

Un alumno/a que se presente aos dous exames parciais e suspenda a materia, **poderá presentarse igualmente ao exame que se realice ao final de curso.**

Entréganse exercicios-tipo da materia que entra en cada parcial (similares aos que se poden preguntar nos exames) e que o alumno/a voluntariamente pode facer para a preparación dos mesmos, pero que **non son de entrega obrigatoria.**

En caso de **dúbdidas** pode dirixirse tanto ao seu profesor/a de Lingua galega e literatura durante este curso como á xefa de departamento.

EXAME TIPO 1º PARCIAL

- 1.- Texto para acentuar
- 2.- Análise morfolóxica de substantivos e adxectivos
- 3.-Exercicio sobre xénero e número de substantivos e adxectivos
- 5.- Exercicio sobre o recoñecemento do grao do adxectivo/ uso da conxunción comparativa
- 6.-Exercicio sobre recoñecemento e función de pronomes persoais
- 6.- Pregunta teórica sobre conceptos clave (definición e exemplos): palabras patrimoniais, cultismos, semicultismos, bilingüismo, diglosia, lingua minorizada, lusofonía, substrato, superestrato...
- 7.-Desenvolvemento dun tema: A lingua galega na Idade Media /A literatura galego-portuguesa medieval: textos, xéneros, autores e intérpretes/ As cantigas de escarnio e os xéneros menores/ As línguas da Península Ibérica.
- 8.- Comentario literario dunha cantiga de amigo ou de amor.

EXAME TIPO 2º PARCIAL

- 1.- Texto para acentuar
- 2.- Exercicio de recoñecemento de determinantes/ Valores especiais do posesivo/ Uso de posesivo e artigo
- 3.-Exercicio sobre conxugación verbal. Verbos regulares e irregulares
- 4.- Recoñecemento e clasificación de perífrases verbais
- 5.- Exercicio sobre o recoñecemento e clasificación das conxuncións e locucións conxuntivas.
- 6.- Pregunta teórica sobre conceptos clave (definición e exemplos): interferencias e tipos de castellanismos, as variedades da lingua
- 7.-Desenvolvemento dun tema: Os Séculos escuros/ A Ilustración/ O Rexurdimento/ A lingua galega no século XIX
- 8.- Comentario literario dun poema de Rosalía, Curros ou Pondal.

Departamento de Matemáticas

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE NA ESO:

A través da Aula Virtual os alumnos/as con materias pendentes terán colgadas uns boletíns de exercicios e co prazo de entrega indicado.

(Tamén se lle entregará en formato papel)

Entrega de tarefas:

A primeira data de entrega é a mediados de xaneiro (o día 13)

A segunda data de entrega é a mediados de abril

Exames

Despois da primeira entrega farase un *examen parcial* a mediados de febreiro dos contidos dese 1^{er} boletín.

En maio no *examen oficial* de recuperación de pendentes o alumnado examinarase de todos os contidos do curso (se non a probou o parcial) ou só da segunda parte se xa aprobou o primeiro examen, resultando como nota final a media de ambos exames.

DATA	TAREFA	Observación
Mediados de xaneiro	Entrega de 1ª parte exercicios	
Mediados de febreiro	Examen parcial deses contidos da 1ª parte	
Mediados de Abril	Entrega 2ª parte exercicios	
Maio	Examen final. (todo o curso)	Se tivera a primeira parte aprobada só tería que facer examen da 2ª parte, quedando como nota final a nota media de ambos exames

Por outra parte aqueles **alumnos que aproben as dúas primeiras avaliacións do curso que están cursando actualmente** (curso inmediatamente superior) **quedan exentos de se ter que presentar ó examen final**, quedando aprobados da materia pendente con nota de 5. Se quixeran aspirar a unha nota superior a 5 deberán presentarse a ditos exames.

ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE EN BACHARELATO.

A través da Aula Virtual os alumnos/as con materias pendentes terán colgadas uns boletíns de exercicios e co prazo de entrega indicado.

Tamén se lle entregou a cada alumno/a o traballo en papel.

Entrega de tarefas:

A primeira data de entrega é a mediados de xaneiro (o día 13)

A segunda data de entrega é a mediados de abril

Exames

Despois da primeira entrega farase un *exame parcial* a mediados de febreiro dos contidos dese 1^{er} boletín.

En maio no *examen oficial* de recuperación de pendentes o alumnado examinarase de todos os contidos do curso (se non a probou o parcial) ou só da segunda parte se xa aprobou o primeiro examen, resultando como nota final a media de ambos exames.

DATA	TAREFA	Observación
Mediados de xaneiro	Entrega de 1 ^a parte exercicios	
Mediados de febreiro	Examen parcial deses contidos da 1 ^a parte	
Mediados de Abril	Entrega 2 ^a parte exercicios	
Maio	Examen final. (todo o curso)	Se tivera a primeira parte aprobada só tería que facer examen da 2 ^a parte, quedando como nota final a nota media de ambos exames

ALUMNADO QUE CAMBIA DE MODALIDADE EN 2º DE BACHARELATO

1. Se o alumno/a ten suspensa a materia de Matemáticas I, cursará obrigatoriamente a materia de Mat. Aplic ás CCSS I correspondente ó bloque de materias troncais.
2. En caso de ter aprobada a materia de Matemáticas I, o plan de traballo individualizado, centrarase fundamentalmente nos contidos e estándares de aprendizaxe da materia de Mat. Aplic ás CCSS I non presentes en Matemáticas I . Os Instrumentos de avaliación poderan ser probas escritas ou entrega de exercicios.

Departamento de Xeografía e Historia

O departamento de Xeografía e Historia do IES Brión establece o seguinte plan de traballo para o alumnado con materias pendentes:

- O departamento fará un seguimento do alumnado con materias pendentes baixo a coordinación do xefe do Departamento. Serán os profesores do seu grupo os que organizarán cos alumnos pendentes a forma de traballar a materia pendente.

- Os alumnos entregarán un boletín de exercicios que se lles proporcionará o comezo do curso e que consta de dúas partes: unha primeira para entregar no mes de xaneiro e unha segunda parte para entregar a comezos de maio.

- Os mínimos esixibles para o alumnado de pendentes na ESO estarán baseados nos contidos mínimos da materia, que o profesorado encargado de avaliar e facer o seguimento de pendentes lle comunicará ao alumnado interesado.

Os boletíns de exercicios suporán o 30% da cualificación. O outro 70% dependerá da cualificación dos dous exames que sobre os contidos dos boletíns realizará o alumno en xaneiro e en maio. Os alumnos pendentes de 2º da ESO adiantarán o segundo exame ao mes de abril, contando cunha terceira oportunidade de recuperación no mes de maio. No caso de non acadar o aprobado na convocatoria ordinaria de xuño, o alumnado deberá facer un exame final nas datas que se establezan para a realización das probas extraordinarias no mesmo mes de xuño.

Departamento de Tecnoloxía

Materia pendente: Tecnoloxía 3º ESO

O seguimento do alumnado con materias pendentes será levado a cabo por Luz Ramos López, xefa do departamento.

Para recuperar a materia o alumnado terá acceso a un curso no EVA Tecnoloxía 3º ESO pendentes. No curso disporá dos contidos básicos da materia e de actividades e cuestionarios de preparación das probas que deberán ser realizadas e entregadas nas datas indicadas a partir de xaneiro. Para superar a materia o alumnado ten que realizar as tarefas propostas, cumprindo os requisitos indicados en cada tarefa e prazos de entrega. Realizarase unha avaliación das tarefas entregadas secuencialmente, con posibilidade de mellora.

Realizarase unha proba obxectiva de todos os contidos no mes de **maio**, no calendario de pendentes do centro.

Os criterios de cualificación son:

- Proba escrita: 40%
- Actividades: 60%